CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000005 e identificado pola pegada dixital: adb0c0f189a495dac4bcfaf174f1b8a23bfae5338a837f18b60e5385eb61df29

Non houbo máis debate.

A Comisión Especial de Contas ditaminou favorable na sesión do 4 de xuño de 2025.

O presidente somete o ditame a votación.

O Pleno aproba o ditame por once votos a favor (once: 4 do PP, 4 do PSdeG-PSOE, 2 do PG, 1 de AxP) e dúas abstencións (dúas: 1 do BNG e 1 de APIN), elevándose o acordo nos seus propios termos.

1.7 Expediente 2024/X999/000326. Aprobación definitiva de desafectación da Escola Unitaria de Tallo

A secretaria le a proposta de Alcaldía, ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios para o Pleno, que no seu literal di:

“PROPOSTA DE DITAME

Asunto: Aprobación definitiva do expediente de desafectación da escola de Tallo (Expediente 2024/X999/000326)

O Concello de Ponteceso ten inventariado o inmovible denominado Escola Unitaria de Tallo (epígrafe 1INM06800020), onde xa non se presta o servizo educativo ao que estaba destinado, polo que se pode destinar a outra finalidade, o que sería rendible para o erario municipal.

Ese inmovible está situado na parcela coa referencia catastral 15069B502001310000EW, no lugar de Tallo e consta no inventario como ben de natureza de dominio público e como ben de servizo público. A escola unitaria de Tallo consta no inventario como ben como ben demanial de servizo público, polo que é necesario desafectalo do servizo público para os efectos de quedar cualificado como ben patrimonial para destinala a outros usos de carácter social, lúdico ou cultural para beneficio da comunidade.

Consta no expediente a providencia do 19 de setembro de 2024, de inicio do expediente. Consta no expediente o informe técnico do 23 de setembro de 2024, no que consta que o inmovible non se destina a uso educativo dende o mes de xuño de 2024 e que non hai previsión de que se destine a ese uso nos vindeiros anos.

Consta no expediente o informe xurídico de data 19 de setembro de 2024.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

O artigo 8 do Decreto 1372/1986, do 13 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais sinala que para alterar a cualificación xurídica dos bens da entidade local é necesario un expediente no que se acredite a oportunidade e a legalidade.

O Real decreto 605/1987, do 10 de abril, e a Orde do 4 de xuño de 1987 sobre o desenvolvemento dese real decreto regulan o procedemento de autorización previa da desafectación de edificios públicos escolares de propiedade municipal.

O Pleno do Concello aprobou inicialmente o expediente na sesión do 20 de novembro de 2024 e o anuncio da aprobación inicial publicouse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) do 2 de decembro de 2024 e na sede electrónica do Concello de Ponteceso o 20 de febreiro de 2025.

Consta no expediente a autorización previa á desafectación da Escola de Educación Infantil (EEI) de Tallo (cód. 15013278), do Concello de Ponteceso (A Coruña) do director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional asinada o 21.04.2025

Consta certificado de secretaría do 22.05.2025 no que se indica que no prazo de exposición pública non se presentaron alegacións:

Por todo anterior, propoño resolver previo ditame da Comisión Informativa

PRIMEIRO. Aprobar definitivamente a alteración da cualificación xurídica do inmovible denominado Escola unitaria de Tallo, coa referencia catastral 15069B502001310000EW, situado no lugar de Tallo, como ben demanial de servizo público, desafectándoo do servizo público para os efectos de quedar cualificado como ben patrimonial e proceder a regularizalo.

SEGUNDO. Comunicarlle este acordo ao Rexistro da Propiedade e efectuar as correspondentes anotacións no libro do Inventario de ben, de conformidade co artigo 8 do do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais

O Alcalde/ Jose Manuel Mato Martínez”

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000005 e identificado pola pegada dixital:
adb0c0f189a495dac4bcfaf174f1b8a23bfae5338a837f18b60e5385eb61df29

Non houbo máis debate.

A Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios para o Pleno ditaminou favorable na sesión do 4 de xuño de 2025.

O presidente somete o ditame a votación.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O Pleno aproba o ditame por oito votos a favor (oito: 4 do PP, 2 do PG, 1 de AxP e 1 de APIN) e cinco abstencións (cinco: 4 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG), elevándose o acordo nos seus propios termos.

1.8 Expediente 2024/G014/000001. Ampliación do eido espacial da zona azul regulada na ordenanza nº 22 sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria

De conformidade co artigo 93 do ROF, a secretaria procede á lectura da proposta, que no seu literal di:

“PROPOSTA ACORDO EXP:2024/G014/000001

Asunto: Ampliación do eido espacial da zona azul regulada na ordenanza nº 22 sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria

O pleno do Concello de Ponteceso aprobou inicialmente o 20.03.2024 a modificación da ordenanza xeral nº 22 sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria para introdución do estacionamento con horario limitado (zona azul), sendo publicado o 11 de abril de 2024 no BOP 71.

Non constan alegacións presentadas durante o prazo de exposición pública, polo que o texto elevouse a definitivo e foi publicado no BOP da Coruña o día 2.06.2025

Atendendo o Artigo 37 desta ordenanza, que establece:

“Competencias

Corresponde ao Pleno da Corporación a fixación e modificación do perímetro da Zona Azul, non sendo necesario a modificación desta ordenanza.”

O equipo de goberno ve necesaria unha reestructuración e ampliación do perímetro dado as novas necesidade que viron xurdindo nestes meses, polo que propoño ao pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa:

Primeiro: O ámbito espacial de aplicación das limitacións da zona azul será o das vías aprobadas en Pleno municipal e así sinalizado nas rúas correspondentes, sendo neste momento as seguintes:

1.- Avenida Eduardo Pondal (a súa totalidade)

2.- Avenida de Anllóns (a súa totalidade)

3. Establécense unhas zonas de estacionamento express limitadas a 15 minutos, dende a hora sinalada no indicador de chegada, que afectará nestes momentos dos números 10 ao 20 da avenida Eduardo Pondal.(engadidos)

Segundo. O horario de limitación comprenderá de 9:00 a 13:30 horas, de luns a sábados, salvo días festivos nos que non haberá limitación. Dende o 15 de xuño ao 15 de setembro ampliarase a limitación dende as 15:30 ás 20:00

2.- O aparcamento na Zona Azul estará limitado a 90 minutos, a contar desde a hora sinalada no



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

indicador de hora de chegada.

Terceiro: Notifíquese a policía local, ao departamento de emerxencias así como procédase a súa publicación no taboleiro de edictos e páxina web municipal.

O Alcalde/ José Manuel Mato Martínez”

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000005 e identificado pola pegada dixital:
adb0c0f189a495dac4bcfaf174f1b8a23bfae5338a837f18b60e5385eb61df29

Non houbo máis debate.

O presidente somete a proposta a votación.

O Pleno aproba a proposta por nove votos a favor (nove: 4 do PP, 2 do PG, 1 de AxP, 1 de APIN e 1 do BNG), tres votos en contra do PSdeG-PSOE e unha abstención do PSdeG-PSOE (José Manuel Nuñez Costa), elevándose o acordo nos seus propios termos.

2 Parte de control e de fiscalización

2.1 Dación de conta das resolucións da Alcaldía, dende a núm. 167/2025, do 18 de marzo, ata a núm. 447/2025 do 3 de xuño

As/os membros do Pleno quedaron informados das Resolucións que ditou a Alcaldía, dende a núm. 167/2025, do 18 de marzo, ata a núm. 447/2025, do 3 de xuño.

2.2 Dación de conta da aprobación da liquidación do exercicio 2024 (Expte. 2025/T019/000001)

As/os membros do Pleno quedaron informados da aprobación da liquidación do exercicio 2024.

2.3 Dación de conta do período medio de pago e morosidade do 1º trimestre de 2025: Expte. 2025/X999/000090

As/os membros do Pleno quedaron informados do período medio de pago e morosidade do primeiro trimestre do 2025

2.4 Dación de conta do estado de execución do 1º trimestre de 2025: Expte. 2025/X999/000123

As/os membros do Pleno quedaron informados do estado de execución do primeiro trimestre do 2025.

2.5 Dación de conta do resumo dos reparos do exercicio 2024: Expte: 2025/X999/000124

As/os membros do Pleno quedaron informados do resumo dos reparos do exercicio 2024.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

2.6 Dación de conta do informe-resumo a que se refire o artigo 37 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local no Concello de Ponteceso, exercicio 2024: Expte: 2025/X999/000094

As/os membros do Pleno quedaron informados do informe-resumo ao que se refire o artigo 37 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, que regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local no Concello de Ponteceso, exercicio 2024.

2.7 Mocións non resolutivas

2.7.1 Moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego para parar o arboricidio e a destrución da vexetación de ribeira

A voceira do BNG le a moción:

“Moción do BNG para parar o arboricidio e a destrución da vexetación de ribeira

Fátima Ángeles Rodríguez Gonzálvez, voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Ponteceso, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno:

Exposición de motivos:

O noso concello conta con numerosas zonas de paseo e sendas integradas en rutas sendeiristas coa particularidade de discurrir á beira de pequenos ríos e así mesmo do río Anllóns.

Estas sendas e paseos viñan contando coa tradicional, necesaria e protexida vexetación de ribeira que as caracteriza e que as dota dunha extraordinaria biodiversidade.

A vexetación de ribeira a maiores de facilitar esta biodiversidade supón toda unha estrutura de protección ante as avenidas para evitar o colapso das propias marxes dos ríos, e a maiores, entre outras cousas axuda a evitar a elevación da temperatura da auga, facilitando así a vida de distintas especies de peces que morrerían de incrementarse a temperatura da auga.

Por outra parte, estes conxuntos de sendas, cursos de auga e vexetación só son un atractivo tanto para a veciñanza como para o turismo, tanto pola súa beleza como pola cómoda temperatura que permite o paseo neles aínda nas horas de máis calor do verán.

Por contra de preservar todo o anterior, nas últimas semanas volvemos ver como o goberno municipal confunde o termo de limpeza co de destrución da natureza.

Se xa a finais de 2023 tivemos que ver como mandaban arrasar con máis de 200Tn de árbores vivas, neste mes de maio vimos como mandaron tallar e arrincar árbores sás ao longo do paseo fluvial e como a vexetación de distintos ríos é desbrozada sen miramento mentres dentro dos propios cauces quedan elementos alleos como ferros, madeiras industriais e outros sólidos impropios.

Por todo o anterior, propoño a este pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

1. Instar ao goberno municipal a abandonar inmediatamente a súa política arboricida e de destrución da vexetación de ribeira.
2. Instar ao goberno municipal a executar un plan de repoboación da vexetación de ribeira aniquilada con especies autóctonas e propias para cada espazo.

En Ponteceso a 04 de Xuño de 2025"

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000005 e identificado pola pegada dixital: adb0c0f189a495dac4bcfaf174f1b8a23bfae5338a837f18b60e5385eb61df29

Non houbo máis debate.

O presidente somete a moción a votación.

O Pleno aproba a moción por doce votos a favor (doce: 4 do PP, 4 do PSdeG-PSOE, 2 do PG, 1 de APIN e 1 do BNG), e unha abstención do AxP, elevándose o acordo nos seus propios termos.

2.7.2 Moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego para recuperar a salubridade na praia da Arnela

A voceira do BNG le a moción:

“Moción do BNG para recuperar a salubridade na praia da Arnela.

Fátima Ángeles Rodríguez González, voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Ponteceso, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno:

Exposición de motivos:

Cada verán estamos sendo testemuñas da existencia de deficiencias na instalación do alcantarillado e/ou da estación de bombeo de augas fecais na praia da Arnela, que se manifesta coa presenza de moi altos niveis de bacteria e-coli nas súas augas..

Estas deficiencias comprometen un ano máis a calidade das augas de baño neste areal urbano frecuentado polas crianzas, pero non se trata exclusivamente dun problema para o baño, o medioambiente, a incomodidade de veciños e veciñas que teñen que aturar cos cheiros, ou a mala imaxe para o turismo que supón un cartaz que desaconsella o uso da praia.

A maiores de todo isto, trátase dun incumplimento grave na prestación do servizo de saneamento que a veciñanza paga puntualmente, e que a concesionaria cobra igual de puntualmente, trátase da insuficiencia do mantemento das instalacións que non acada o nivel debido. E todo isto redunda en que os cartos das veciñas e dos veciños están pagando servizos defectuosos que poñen en risco a súa saúde e a das súas crianzas.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Este é un tema para o que xa solicitei a máxima prioridade no pleno de 20 de marzo do ano pasado a través dun rogo, pero, sorprendentemente, para este goberno, tal vez o primeiro, que conta con dous concelleiros de Corme, parece non ser un tema importante, pois a día de hoxe descoñecemos ningún tipo de avance para a resolución deste grave problema.

Por todo o anterior, propoño a este pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Instar á concesionaria a realizar o debido mantemento e arranxo das instalacións para evitar que esta situación persista.
2. Instar ao goberno a buscar con carácter de urxencia outras solucións alternativas a través de fondos de colaboracións de outras institucións.

En Ponteceso a 04 de Xuño de 2025"

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000005 e identificado pola pegada dixital:
adb0c0f189a495dac4bcfaf174f1b8a23bfae5338a837f18b60e5385eb61df29

Non houbo máis debate.

O presidente somete a moción a votación.

O Pleno aproba a moción por unanimidade dos 13 membros que compoñen a Corporación, elevándose o acordo nos seus propios termos.

2.7.3 Moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre a retirada de contedores

O voceiro do PSdeG-PSOE le a moción:

"MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA NO CONCELLO DE PONTECESO PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

DIÁLOGO CO COMERCIO LOCAL

Cómpre establecer un diálogo co comercio local na colocación de acumulación de contedores e rectificar cando un se equivoca.

O Concello colocou unha fila de contedores na Avenida de Bergantiños sen diálogo cos comercios afectados e retirando varias prazas de aparcamento nun sitio onde son moi necesarias. Calquera



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

que teña un negocio sabe o prexudicial de que coloquen tamaña acumulación de ata oito contedores diante, compre ter certa empatía coas súas necesidades. A retirada de prazas de aparcamento nunha zona xa tensionada é un erro total.

Falla de mantemento das infraestruturas existentes

O problema ven derivado da falla de mantemento dos contedores soterrados da Avenida de Bergantiños. Optar por anulalos e retirar prazas de aparcamento é un paso atrás total para os veciños e comercios afectados. Na contorna hai numerosos comercios moi visitados pola veciñanza de Ponteceso, Cabana e outros concellos da contorna, ademáis de ser a rúa que leva á escola, instituto, Pac e centro médico.

O Concello xa cometera un erro cando pechou un dos carrís da avenida por unhas obras dando a entender aos condutores o peche da rúa e prexudicando o comercio. Agora, volve cometer un erro.

ACORDOS:

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PSdeG somete a debate a presente moción e solicita a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar ao Concello de Ponteceso a que retire de inmediato os contedores acumulados sen diálogo cos comerciantes, na avenida de Bergantiños, buscando un emprazamento de consenso e que non quite prazas de aparcamento.

SR/SRA. ALCALDE-PRESIDENTE/ALCALDESA-PRESIDENTA DO EXCMO CONCELLO DE PONTECESO”

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000005 e identificado pola pegada dixital: adb0c0f189a495dac4bcfaf174f1b8a23bfae5338a837f18b60e5385eb61df29

Non houbo máis debate.

O presidente somete a moción á votación do Pleno co seguinte resultado: Seis votos a favor (seis: 4 do PSdeG-PSOE, 1 de APIN-ESCO e 1 do BNG), seis votos en contra (seis: 4 do PP e 2 do PG) e unha abstención de AxP. Habendo un empate decide o voto de calidade do alcalde, polo que queda rexeitada a moción.

2.7.4 Moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre o cobro adebedado ao Concello polo parque eólico de Corme

O voceiro do PSdeG-PSOE le a moción:

“Moción que presenta o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE relativa ó cobro adebedado ao Concello polo Parque Eólico de Corme

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ponteceso de acordo ao disposto no artigo



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

71,3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao pleno Municipal a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Ponteceso perdeu indebidamente ingresos ao non cobrarlle ao parque eólico de Corme dende que se montou a principios deste milenio ata que o goberno tripartito de Ponteceso Psdeg-Psoe, Apin e Bng lle esixiu que pagaran o adebedado e os anos de atraso, que por lei só podían ascender a catro. Así o recoñecen varias sentencias e autos xudiciais.

Polo tanto o Concello de Ponteceso, gobernado polo PP con maioría absoluta, perdeu o resto dos fondos, que se deixaron de ingresar para mellorar a vida das persoas de Ponteceso.

Novamente volve haber un Alcalde do PP e volvemos botar en falla os ingresos que lle corresponden a Ponteceso pola ocupación pola empresa promotora e explotadora do parque eólico. Se non obrigamos ao Alcalde a actuar xa, imos volver perder os cartos atrasados unha vez máis. Cando o Alcalde pon a excusa de que o Concello non ten cartos para obras e axudar os veciños e veciñas que demandan máis e mellores servizos, por qué non se cobra o que lle corresponde ao Concello por esas ocupacións? Hai unha man negra que non lle deixa actuar ao Alcalde? Isto é intolerable e mesmo de dubidosa legalidade.

Esta perda é moi prexudicial para o noso desenvolvemento polo que propoñemos ao Pleno desta corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS:

PRIMEIRO: O Pleno do Concello de Ponteceso insta ao Alcalde de Ponteceso a reclamar o pagamento á empresa eólica de todos os cartos adebedados polas ocupacións do parque conforme aos contratos.

SEGUNDO: O Pleno do Concello de Ponteceso insta ao Alcalde de Ponteceso a dar conta ao Pleno do Concello de Ponteceso, e con transparencia informar na páxina web do Concello, das xestións realizadas e dos cartos percibidos.

TERCEIRO. O Pleno do Concello de Ponteceso insta ao Alcalde a executar investimentos na extensión do saneamento ás parroquias e lugares sen servizo, con eses fondos acompañando a outras partidas de fondos propios, da Deputación e da Xunta de Galicia.

Ponteceso, a 24 de marzo de 2025.

Asdo.: Xosé Lois García Carballido

Voceiro do PSdeG-PSOE”

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000005 e identificado pola pegada dixital:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

adb0c0f189a495dac4bcfaf174f1b8a23bfae5338a837f18b60e5385eb61df29

Non houbo máis debate.

O presidente somete a moción a votación.

O Pleno do Concello rexeita a moción por catro votos a favor do PSdeG-PSOE, seis votos en contra (seis: 4 do PP e 2 do PG) e tres abstencións (tres: 1 de AxP, 1 do BNG e 1 de APIN).

2.7.5 Moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre a elaboración urxente dunha modificación puntual do PXOM.

O voceiro do PSdeG-PSOE le a moción:

“Moción que presenta o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE relativa á elaboración urxente dunha modificación puntual do PXOM

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ponteceso de acordo ao disposto no artigo 71,3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao pleno Municipal a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Boa parte das alegacións presentadas ao PXOM de 2015, aprobado cos unicos votos do PP de Ponteceso, non foron atendidas. Hai moitas persoas afectadas, especialmente persoas maiores e algunhas moi enfermas, que non poden estar pleiteando contra o Concello.

Hai situacións inxustas e flagrantes que claman ao ceo, máis propias dun urbanismo á carta para castigar aos inimigos do señor Alcalde que a un urbanismo favorable ao cidadán. O Alcalde actual prometiulle darlles unha resposta ás persoas afectadas pero mira para outro lado mentras cobra todos os meses sen nin sequera ter adicación plena ao Concello.

Esta situación é moi prexudicial para o noso desenvolvemento, ademais de para a saúde e benestar das persoas afectadas, polo que propoñemos ao Pleno desta corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS:

PRIMEIRO: O Pleno do Concello de Ponteceso insta ao Alcalde de Ponteceso a habilitar as partidas para contratar urxentemente unha modificación puntual do Plan Xeral.

SEGUNDO: O Pleno do Concello de Ponteceso insta ao Alcalde de Ponteceso a convocar aos grupos do Pleno do Concello de Ponteceso, e a facer reunións públicas nas distintas parroquias do Concello para que as persoas poidan participar con propostas a esa modificación parcial do Plan Xeral, con especial atención ás persoas maiores, enfermas e familias con discapacidades e



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

membros en perigo de exclusión social.

Ponteceso , a 24 de marzo de 2025.

Asdo.: Xosé Lois García Carballido
Voceiro do PSdeG-PSOE”

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000005 e identificado pola pegada dixital:
adb0c0f189a495dac4bcfaf174f1b8a23bfae5338a837f18b60e5385eb61df29

Non houbo máis debate.

AxP formula a seguinte emenda: “Convocar no seo da Comisión de Transparencia a todos os grupos políticos para o debate e modificación do plan xeral”

O presidente somete a moción a votación.

O Pleno aproba a moción por unanimidade dos 13 membros que compoñen a Corporación, elevándose o acordo nos seus propios termos

Moción de urxencia presentada polo grupo municipal Adiante por Ponteceso (AXP) sobre a licitación e execución da obra das beirarrúas de Lestimoño

O voceiro de AXP le a moción:

“MOCION DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL ADIANTE POR PONTECESO (AXP), PARA QUE O PLENO DO CONCELLO DE PONTECESO APROBE UN ACORDO

O Grupo Municipal Adiante por Ponteceso (AXP), conforme o previsto no artigo 53 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ponteceso, desexa elevar a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Primeiro: En data 9/12/2024, tras o acordo chegado entre Adiante por Ponteceso e o Alcalde de Ponteceso, procediuse a comunicar a Deputación da Coruña o compromiso de achegar a cantidade de 339.566,04 euros para o convenio de abastecemento e saneamento en Lestimoño, con esta cantidade poderíase facer cargo dos costes do saneamento e abastecemento que deben ir debaixo das beirarrúas proxectadas pola Deputación da Coruña, encargándose a mesma de coordinar e executar ambos os proxectos de maneira coordinada coa intención de optimizar custos e simplificar e reducir os tempos de execución.

Segundo: En data 29/04/2025 o Concello de Ponteceso tras aprobar os orzamentos do ano 2025 co voto favorable de Adiante por Ponteceso e o Goberno de Ponteceso, cumpriu o seu



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

compromiso cos veciños de Lestimoño e procediu a comunicar a Deputación da Coruña a retención de crédito para a execución do convenio.

Tercero: No día de hoxe 5/06/2025, salvo erro u omisión involuntaria da miña parte, non consta publicada no portal de contratación pública da Deputación da Coruña a licitación da obra, polo que empeza a existir unha alarma social entre os veciños por medo a que esta obra sexa outra promesa incumplida polo Presidente da Deputación, a modo de exemplo recordamos a promesa incumplida e efectuada polo Presidente da Deputación en Langueron para a construción da Ponte de Xabarido e que tan grave prexuício está provocando os veciños dos Concellos de Ponteceso e Cabana de Bergantiños.

Cuarto: Os veciños de Lestimoño non poden sufrir mais retrasos na construción das beirarrúas. Adiante por Ponteceso e o goberno de Ponteceso fixeron os seus deberes e dotaron economicamente o convenio, polo que, agora só queda que a Deputación da Coruña cumpla as súas promesas e proceda con urxencia a licitar e executar a obra durante este ano.

A xuízo de Adiante por Ponteceso, a urxencia da moción queda lexitimada polo retraso inxustificable na licitación da obra e que este retraso provoque que non se execute a obra durante o presente ano.

É por iso, que o Grupo municipal Adiante por Ponteceso (AXP) somete ao pleno a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

Que o Pleno do Concello de Ponteceso solicite con carácter urxente á Deputación da Coruña a licitación e execución da obra das beirarrúas de Lestimoño durante o presente ano.

En Ponteceso a 5/6/2025

Asinado: Roberto Alexandre Andrade de Santiago
Voceiro de Adiante por Ponteceso (AXP)"

Procede primeiro á votación da urxencia que é ratificada por doce votos a favor e unha abstención do BNG.

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000005 e identificado pola pegada dixital:
adb0c0f189a495dac4bcfaf174f1b8a23bfae5338a837f18b60e5385eb61df29

Non houbo máis debate.

O presidente somete a moción incluída por urxencia a votación.

O Pleno do Concello aproba a moción por dez votos a favor (dez: 4 do PP, 2 do PG, 1 de AXP, 1 de APIN-ESCO, 1 do BNG e 1 de José Manuel Nuñez Costa do PSdeG-PSOE) e tres abstencións do PSdeG-PSOE.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

2.8 Pregos e preguntas

2.8.1 O voceiro de APIN-ESCO pregunta por que non se realizaron a traza e outras n obra que está acendo a empresa Naturgy en Froxán, porque hai veciños que solo poden entrar e saír por unha pista en malas condicións.

2.8.2 O voceiro de APIN-ESCO di que está a obra de acordo coa obra do aparcamento pero que se debe estar facendo por Administración porque non viu ningunha licitación. Di que cre que o alcalde está metendo a pata porque a parcela é un solar, que o resto que non é solar pasa a ser do Concello e que os donos do solar teñen que facer a urbanización.

2.8.3 A voceira do BNG di que o Concello de Ponteceso foi o elixido para a entrega de bandeiras azuis en Balarés a onde acudiron distintas personalidades, entre elas o presidente da Xunta de Galicia, personalidades que mostraron unha absoluta falta de respecto polas mulleres en situación de violencia de xénero e que as mulleres non podemos ser sometidas a posicionamentos equidistantes nin a accións nin declaracións que lexitimen a ningún encausado por violencia machista. Di que a actitude do presidente da Xunta de manter non cargo durante meses a un denunciado por violencia de xénero pon en risco a confianza das mulleres nas institucións. Pregunta que ten pensado facer o grupo de goberno e que opinión teñen da actuación do presidente. alcalde que ten pensado facer e se as pontecesás poden confiar no amparo legal do equipo de goberno.

2.8.4 A voceira do BNG di que o alcalde revelou na sesión plenaria de marzo que xa conseguira saber quen tiña que arranxar o peitoril do peirao de Balarés e que, ao parecer, era o Concello quen se tiña que responsabilizar. Pregunta polo custo de arranxar ese muro que non é de competencia municipal e polo custo do acto da entrega das bandeiras azuis.

2.8.5 A voceira do BNG di que na sesión plenaria de xaneiro presentou unha moción na defensa do colectivo LGBTI e para recuperar a colocación da bandeira arco iris no balcón da Casa do Concello. Pregunta se o grupo de goberno vai cumprir cos acordos das mocións a este respecto.

2.8.6 O voceiro de AxP prega que o Concello de Ponteceso solicite información á Deputación da Coruña para que manifeste se vai cumprir coa súa promesa e se vai construír a nova ponte de Xabarido ou vai seguir discriminando aos veciños de Ponteceso e de Cabana de Bergantiños.

2.8.7 O voceiro do PSdeG-PSOE pide a posta en marcha dun plan para licitar en procedemento aberto os servizos que teñen o contrato vencido ou que están sen contrato e que se saquen en procedemento aberto as contratacións que son recorrentes.

2.8.8 O voceiro do PSdeG-PSOE prega que o equipo de goberno busque financiamento para poñer en marcha a licitación por procedemento aberto do proxecto de renovación da iluminación pública que hai redactado.

2.8.9 O voceiro do PSdeG-PSOE pide que se recuperen actividades do verán (ruta cicloturística en Corme, cine de verán, escola de caiac, etc) e obras como o saneamento en Anllóns e a reparación da Pontedona e que cheguen as axudas a todas as asociacións e a todas as comisións de festas.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

2.8.9 O voceiro do PSdeG-PSOE fala sobre a necesidade de vivenda e de realizar campaña para que a xente se apunte como solicitante de vivenda protexida porque, se hai demanda, o Concello podería ceder terreos á Consellería de Vivenda para construír vivenda de protección pública. Pide iniciativas para que haxa vivenda protexida en Ponteceso.

2.8.10 O voceiro do PSdeG-PSOE pregunta cando vai o Concello ordenar a limpeza dos solares.

2.8.11 O voceiro do PSdeG-PSOE pregunta cando vai rectificar e recuperar a festa marisqueira.

O alcalde di que contestará as preguntas na próxima sesión.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000005 e identificado pola pegada dixital:
adb0c0f189a495dac4bcfaf174f1b8a23bfae5338a837f18b60e5385eb61df29

Non hai máis asuntos que tratar.

O presidente remata a sesión ás 22:28 h e eu redacto esta acta.

*Documento firmado dixitalmente o día e polas persoas que constan na marxe.